



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZASÉIS DE XUÑO DO DOUS MIL  
OITO.**

**ASISTENTES:**

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. Melchor Roel Rivas

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup>. María Loureiro García, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isabel Rodríguez López, D. Rafael Luis Fernández Amor, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D<sup>a</sup>. María Concepción Toral Romero, D. Vicente Hermida Rodríguez, D. Guillermo Leal Arias, D. Jesús Fernández Fernández, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Carmen Gueimunde González, D<sup>a</sup>. Vanesa Rego Martínez, D. Juan José Pardo Gato, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

**XUSTIFICAN A SÚA AUSENCIA**

D<sup>a</sup>. Olga María Méndez Carro

D. Celestino V. García Paz

D<sup>a</sup>. Raquel Atadell Giz

**SECRETARÍA**

D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as trece horas e trinta minutos do dezaseis de xuño do dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez, celébrase a sesión extraordinaria e urxente do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

**1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.**

Polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Melchor Roel Rivas, expónse que o interese do Concello de Viveiro como xa coñecen os Sres. Concelleiros é o de participar a través da Asociación que vai a traballar polo Pacto Territorial do Emprego desta Bisbarra .

Non se producen intervencións e o Pleno da Corporación por unanimidade dos membros presentes (catorce), acorda ratificar a urxencia da convocatoria.

**2º.- PROPOSTA DE INTEGRACIÓN DESTE CONCELLO NA  
ASOCIACIÓN IMPULSORA DO PACTO TERRITORIAL DO EMPREGO DA  
MARIÑA E DESIGNACIÓN DA REPRESENTANTE DA MESMA.**

Polo Sr. Aclalde propónse designar á primeira Tenente de Alcalde, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, como representante na dita Asociación.



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
VIVEIRO**

---

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese a do Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias e os Concelleiros do BNG e IU-EU, D. José Antonio Goás Basanta e a de D. Orlando Expósito Mariño, que manifestan a súa conformidade coa proposta da Alcaldía.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (catorce), acorda:

**PRIMEIRO.-** Integrarse na Asociación Impulsora do Pacto Territorial do Emprego da Mariña, segundo se reflecta no apartado 2º do artigo 4 do Decreto 98/2008, do 15 de maio, polo que se crean e regulan os órganos consultivos denominados Pactos Territoriais do Emprego.

**SEGUNDO.-** Aprobar os Estatutos rexedores da dita Asociación, nomeando como Vogal na Asamblea Xeral do Pacto Territorial do Emprego da Mariña, en representación do Excmo. Concello de Viveiro, á primeira Tenente de Alcalde, Dª. María Loureiro García, cumprindo co reflectido no apartado 1º c), do artigo 5 do referido Decreto 98/2008.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ao Conselleiro de Traballo, D. Ricardo Jacinto Varela Sánchez.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as trece horas e corenta e cinco minutos, esténdendose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.